

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 20 de novembro de 2014 polo que se someten ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído de varias estradas da Rede Autonómica de Galicia da zona da Coruña Oeste-Costa da Morte.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a promover a segunda fase dos mapas estratéxicos de ruído das vías pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Estes mapas deséñanse para avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada debido á existencia de distintas fontes de ruído, realizar predicións globais para a dita zona e, así, mellorar a calidade acústica no noso contorno.

Por todo isto, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a citada lei, e no Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o real decreto anterior, sométense á información pública os mapas estratéxicos de ruído das estradas que a seguir se relacionan:

Estrada	Zona da Coruña Oeste-Costa da Morte	Treito/s	Clave	Concello/s
AG-55	A Coruña-Carballo	8+710 ao 36+130	AC/13/038.09.1	Carballo, A Laracha, Arteixo
AC-415	A Coruña-Sabón (AC-552)	5+070 ao 7+700	AC/13/038.09.2	Arteixo
AC-418	Carballo (AG-55)-Malpica de Bergantiños	0+000 ao 6+950	AC/13/038.09.3	Malpica de Bergantiños, Carballo
AC-523	Culleredo (A-6)-Meirama	0+000 ao 1+840	AC/13/038.09.4	Culleredo
AC-551	Saída 7 (AG-55)-Sabón (AC-552)	0+000 ao 1+260	AC/13/038.09.5	Arteixo
AC-552	A Coruña (A Grela)-Cee (AC-550)	0+000 ao 43+820	AC/13/038.09.6	Coristanco, Carballo, A Laracha, Arteixo, A Coruña

A duración da información pública será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, período en que poderán ser examinados polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que consideren oportunas.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela) e nas respectivas casas dos concellos. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambien-



te, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas), está á disposición dos interesados o documento completo de cada un dos treitos referenciados.

Por outra banda, as observacións deberán enviarse á Axencia Galega de Infraestruturas ou poderán ser remitidas a través do seguinte enderezo de correo electrónico: mapas-ruido.infraestruturas@xunta.es, indicando claramente a actuación á cal van dirixidas e os datos persoais (nome e apelidos, NIF/CIF, enderezo de notificación, nº de teléfono e enderezo de correo electrónico) da/s persoa/s interesada/s.

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2014

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: wlmgtzb8-kzi8-1rk7-1ce1-zkrbk9g1ogy3

